

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15021524	CEIP Plurilingüe A Cristina	Carballo	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación infantil	Comunicación e representación da realidade	4º Inf.	8	280

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	10
4.2. Materiais e recursos didácticos	11
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	11
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	12
6. Medidas de atención á diversidade	12
7.1. Concreción dos elementos transversais	13
7.2. Actividades complementarias	13
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	13
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	14
9. Outros apartados	14

1. Introducción

A programación da área de Comunicación e Representación da Realidade recolle os elementos curriculares que se traballarán ao longo do curso de 4º de EI co fin máximo de promover nas nenas e nenos as capacidades que lles permitan comezar a desenvolver ferramentas para comunicarse e interpretar a realidade a través de diferentes linguaxes e formas de expresión como medio para construír a súa identidade, representar a realidade e relacionarse coa contorna e coas demais persoas que a habitan.

Esta programación está deseñada para ser desenvolvida, conxuntamente coas programacións das outras dúas áreas, a través da realización de unidades didácticas entendidas como proxectos de aula formados por situacións de aprendizaxe (retos, tarefas, actividades e exercicios). Considero fundamental seguir respetando o principio de globalidade á hora de deseñar estas situacións de aprendizaxe, onde se poñan en práctica habilidades e capacidades relacionadas coas tres áreas curriculares.

Para a elaboración das unidades didácticas e a concreción dos elementos curriculares, partirei de diferentes centros de interese adaptados á realidade da aula, favorecendo que xurdan dos intereses das nenas e nenos.

A temporalización das unidades proposta é orientativa e poderá ser modificada tendo en conta as realidades educativas de cada persoa mestra e das necesidades das nenas e nenos.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Manifestar interese por interactuar en situacións cotiás a través da exploración e do uso do seu repertorio comunicativo para expresar as súas necesidades e intencións e para responder ás esixencias da contorna.	1	1				1		
OBX2 - Interpretar e comprender mensaxes e representacións apoiándose en coñecementos e recursos da súa propia experiencia para responder ás demandas da contorna e construír novas aprendizaxes.	1	1			1			
OBX3 - Producir mensaxes de maneira eficaz, persoal e creativa utilizando diferentes linguaxes, descubriendo os códigos de cada unha delas e explorando as súas posibilidades expresivas para responder a diferentes necesidades comunicativas.	1		1	1			1	1
OBX4 - Participar por iniciativa propia en actividades relacionadas con textos escritos, mostrando interese e curiosidade por comprender a súa funcionalidade e algunhas das súas características.	1	1		1				
OBX5 - Valorar a diversidade lingüística e dialectal presente na súa contorna, así como outras manifestacións culturais, para enriquecer as súas estratexias comunicativas e a súa bagaxe cultural.	1			1				1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Faladoiro	Nesta unidade fomentaremos a linguaxe oral a través de actividades como conversacións, contar as súas experiencias... favorecendo a comprensión, expresión e diálogo iguais e cos adultos.	70	X	X	X
2	Letras divertidas	Traballaremos a aproximación á linguaxe escrita a partir de actividades co seu nome e o dos compañeiros e compañeiras, ampliando progresivamente con palabras que sexas seignificativas para eles e elas.	70	X	X	X
3	Son un artista	Traballaremos a linguaxe e expresión plásttica e visual partindo dos grafismo creativos e ampliando as técnicas e materiais empregados para favorecer a súa imaxinación e creatividade.	70	X	X	X
4	Cóntame un conto	Faremos unha aproximación á educación literaria e, a través de contos que xeren interese nos nenos e nenas traballaremos contidos das tres áeras.	60	X	X	X
5	Letras Galegas	A partir do autor homenaxeado nas Letras Galegas 2023, Francisco Fernández del Riego, traballaremos a lingua galega como parte da identidade da nosa comunidade autónoma.	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Faladoiro	70

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Participar de maneira activa e axustada, espontánea e respectuosa coas diferenzas individuais en situacións comunicativas de diverso tipo.	Participar na assemblea contando as súas experiencias ou percepcións.	TI
CA1.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Expresar as súas emocións a través do grafismo creativo.	
CA2.2 - Participar en diferentes situacións de uso das dúas linguas cooficiais recoñecendo a importancia de ambas as dúas para fomentar a riqueza cultural da nosa comunidade.	Participar na assemblea contando as súas experiencias ou percepcións.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.3 - Descubrir e utilizar o vocabulario propio das linguas cooficiais mostrando interese polo seu uso.	Participar na assemblea contando as súas experiencias ou percepcións.	
CA2.5 - Relacionarse coas demais persoas a través da fala empregando as expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.	Falar cos nenos e nenas e cos adultos para expresar as súas necesidades e impresións.	
CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.	Participar na assemblea e rutina diaria na lingua estranxeira.	
CA3.1 - Percibir, identificar e discriminar sons da lingua aumentando o seu repertorio comunicativo e adquirindo progresivamente unha maior precisión.	Mellorar a fluidez da fala.	
CA3.2 - Interpretar de forma eficaz as mensaxes e as intencións comunicativas dos demais.	Entender as instrucións que se dan.	
CA3.3 - Facer un uso funcional da linguaxe oral aumentando o seu repertorio lingüístico e construíndo progresivamente un discurso máis eficaz, organizado e coherente en contextos formais e informais.	Mellorar a fluidez da fala.	
CA3.5 - Evocar e expresar espontaneamente ideas a través do relato oral.	Participar na assemblea contando as súas experiencias ou percepcións.	
CA5.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Participar na assemblea contando as súas experiencias ou percepcións.	
CA6.2 - Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas.	Empregar diferentes instrumentos musicais.	
CA7.4 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Falar sobre o que lle gusta.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Repertorio comunicativo e elementos da comunicación non verbal. - Comunicación interpersoal: empatía e asertividade. - Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia. - Ampliación do repertorio lingüístico individual. - Achegamento á realidade lingüística da contorna. Fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses. - Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses. - Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais. - Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica.

Contidos

- Fórmulas e expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.
- Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias.
- Creación de textos ou enunciados orais formais e informais.
- escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida.
- Interpretación da intención comunicativa das mensaxes.
- Verbalización da secuencia de accións nunha actividade planificada.
- Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica.
- Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases.
- Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas.
- Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo.
- Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar.
- Intención expresiva de producións plásticas e pictóricas.

UD	Título da UD	Duración
2	Letras divertidas	70

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.	Participar na asemblea e rutina diaria na lingua estranxeira.	TI
CA3.1 - Percibir, identificar e discriminar sons da lingua aumentando o seu repertorio comunicativo e adquirindo progresivamente unha maior precisión.	Adquirir fluidez oral.	
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.	Avanzar no trazo	
CA6.2 - Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas.	Empregar diferentes instrumentos musicais.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica.
- Creación de textos ou enunciados orais formais e informais.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica. - Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica. - Exploración das propiedades do sistema de escritura: hipóteses cuantitativas e cualitativas. Aproximación ao código escrito desde as escrituras indeterminadas. - Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación. - Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais. - Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo. - Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar.

UD	Título da UD	Duración
3	Son un artista	70

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Expresar o que sinte a través do grafismo creativo.	TI
CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.	Participar na asemblea e rutina diaria na lingua estranxeira.	
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.	Avanzar no trazo.	
CA6.2 - Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas.	Empregar diferentes instrumentos musicais.	
CA7.1 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Entender o significado de imaxes fáciles.	
CA7.2 - Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.	Usar as técnicas plásticas propostas	
CA7.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións plásticas, artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Expresar o que sinte a través do grafismo creativo.	
CA7.4 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Falar sobre o que lle gusta	
CA7.5 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Respectar as producións dos demais.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA7.6 - Elaborar creacións plásticas a partir de mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, oral, gráfico, escrito e corporal) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre eles.	Expresarse libremente mediante grafismos creativos.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Repertorio comunicativo e elementos da comunicación non verbal. - Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica. - Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica. - Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación. - Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo. - Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar. - Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais específicos e inespecíficos. - Aproximación aos elementos básicos da expresión plástica, técnicas e procedementos. - Intención expresiva de producións plásticas e pictóricas. - Respecto cara ás producións alleas. - Planificación da acción en producións plásticas. - Achegamento a diferentes formatos e soportes de expresión plásticos e visuais.

UD	Título da UD	Duración
4	Cóntame un conto	60

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.	Participar na asemblea e rutina diaria na lingua estranxeira.	TI
CA4.2 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos.	Diferenciar o que son letras do que non	
CA5.3 - Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.	Disfrutar e prestar atención os contos.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA5.4 - Participar en actividades de aproximación á literatura infantil, tanto de carácter individual coma en contextos dialóxicos e participativos, descubriendo, explorando e apreciando a beleza da linguaxe literaria.	Disfrutar e prestar atención os contos.	
CA5.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Falar do que lle gusta	
CA6.2 - Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas.	Empregar diferentes instrumentos.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica. - Intención comunicativa e achegamento ás principais características textuais e paratextuais. Primeiras hipóteses para a interpretación e a comprensión. - Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa. - Achegamento a textos literarios orais e escritos con contido libre de prexuízos, co fin de contribuír a desenvolver valores sobre cultura de paz, dereitos da nena e do neno, igualdade de xénero e diversidade funcional étnico-cultural. - Os contos tradicionais como elemento transmisor de cultura e xerador de debates con relación a estereotipos de xénero. - Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios. - A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura. - escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas. - Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo. - Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar.

UD	Título da UD	Duración
5	Letras Galegas	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
--------------------------------	-------------------------------	-----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA6.2 - Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas.	Empregar diferentes instrumentos	PE
CA2.2 - Participar en diferentes situacións de uso das dúas linguas cooficiais recoñecendo a importancia de ambas as dúas para fomentar a riqueza cultural da nosa comunidade.	Participar na assemblea.	TI
CA2.3 - Descubrir e utilizar o vocabulario propio das linguas cooficiais mostrando interese polo seu uso.	Aprender novas palabras.	
CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.	Participar na assemblea e rutina diaria na lingua estranxeira.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Achegamento á realidade lingüística da contorna. Fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses. - A lingua galega como parte da identidade da nosa comunidade autónoma. - Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais. - Recoñecemento das particularidades lingüísticas da contorna máis próxima. - Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica. - Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo. - Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Na área que nos atopamos (CRR) sempre deberemso ter en conta a concepción positiva da infancia ao respecto das súas múltiples potencialidades comunicativas, e máis neste primer curso do segundo ciclo no que se están a iniciar na súa comunicación coa contorna máis aló do seu núcleo familiar. Como aula e escola deberemos dar resposta creando as condicións para que as diferentes linguaxes comecen a desenvolverse, sen considerar a ningunha por enriba das demais. Teremos sempre en consideración o deseño de situacións de aprendizaxe relativas aos intereses das nenas e dos nenos que respecten a necesaria transferencia dunhas linguaxes a outras, combinando as diferentes técnicas, recursos e materiais propios de cada unha para un mellor autocoñecemento e comprensión da realidade. O emprego de diferentes linguas, con especial énfase nas da súa contorna, incorporadas ás rutinas cotiás xogos ou cancións que permitan a inmersión con naturalidade nos distintos códigos lingüísticos do mundo global que os rodea.

Dentro da metodoloxía deste programación destacamos:

- As unidades didácticas terán actividades adaptadas aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado. Estas actividades buscarán a exploración e manipulación de diversos materiais, xerando curiosidade e culminando con sinxelas creacións das crianzas
- Ao longo das actividades empregaremos dinámicas individuais, de parella, grupos ou equipos (fomentando o traballo colaborativo e cooperativo) e de gran grupo.
- Deben estar moi presentes no deseño das actividades os principios do Deseño Universal de Aprendizaxe, ofertando dentro dunha mesma actividade, diferentes maneiras de acceder a información, diferentes xeitos de expresarse, e diferentes maneiras de motivar ao alumnado.
- Para conseguir máis significativade nas aprendizaxes do alumnado empregaremos estratexias que axuden a

conseguido seguindo os principios básicos da neuroeducación no que di que o alumnado ten que sentir interese polo tema para activar as súas conexións neuronais. Isto irá acompañado de actividades que faciliten a capacidade de aprender do noso alumnado tales como rutinas de pensamento, esquemas visuais...

- Nesta programación empregárase un enfoque activo á hora de deseñar as actividades, buscando sempre que as persoas alumnas sexan as protagonistas activas das súas aprendizaxes. Ofreceranse sempre actividades onde se desenvolvan diferentes tipos de habilidades e capacidades. Para acadalo empregaremos unha organización espacial acorde que permita levar a cabo diferentes propostas á vez e que o alumnado teña variedade para realizar. Destacarán os ambientes de aprendizaxe, recunchos, estacións de traballo...

- O traballo con ferramentas tecnolóxicas estará sempre orientado cara o emprego destas como xeradoras de contidos e non transmisoras pasivas de información. O alumno se iniciará no seu emprego de forma transversal pero sempre dende unha maneira responsable, respetando os tempos de uso, minimizando a exposición ás pantallas e empregando recursos acordes a súa idade e estado madurativo.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Proporcionados pola contorna, nun amplo sentido: todo o que se nos poida ofrecer no contexto que nos rodea. (parques, biblioteca Concello, etc)
Material funxible: convencionais e non convencionais
Material sensorial: mesa de luz, bandexas para a escritura sensorial (area, fariña...)
Material visual: carteis, bits, láminas...
Biblioteca de centro, de aula, libros, contos, álbumes...
Material curricular: Currículum, P.E....
Material artístico: pinturas, plastina, refugallo, teatro de sombras, luz negra, kamisibai, títeres...
Material non estruturado: de refugallo, elementos naturais, pezas soltas...
Material de xogo simbólico
Comunidade educativa (Alumnado, persoal docente e non docente, familias) e calquera persoa que interveña na vida do centro (visitas,etc)
Instrumentos musicais.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Será entendida como proceso que leva implícito unha serie de acordos para a posterior planificación do proceso educativo baseado na análise, tanto das competencias clave do alumnado como das necesidades do grupo, na primeira unidade do curso se levará a cabo a avaliación inicial ou diagnóstica a través de:

- Observación directa, sistemática e rexistrada da participación do alumnado nas actividades e propostas didácticas.
- Análise das producións plásticas, escritas, musicáis, etc realizadas polo alumnado
- Información aportada polas familias ou titores legais na entrevista inicial.
- Diagnóstico do estado físico, emocional, coñecementos previos e limitacións de cada alumna e alumno

Suliñar o factor preventivo da avaliación inicial na atención á diversidade, tanto como medio para a identificación temprana das necesidades educativas como para proceder á aplicación das medidas que se consideren necesarias.

Esta avaliación inicial realizarase unha vez superado o periodo de adaptación, teranse en conta información obtida durante este periodo, pero se agardará a que o alumno se amose adaptado ás rutinas e a realidade da aula.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación están marcados pola consecución dos criterios para cada unidade segundo as táboas de indicadores que se elaborarán seguindo a escala de estimación: sen dificultade, en proceso, con dificultade de forma que, o alumno/a obterá a súa calificación en función do grado de consecución observado pola mestra/e.

Criterios de recuperación:

Este apartado non procede nesta etapa.

6. Medidas de atención á diversidade

Entendidas como o conxunto de medidas, ordinarias e extraordinarias, que teñen por finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes necesidades, características, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses, así como á situación social, cultural e de saúde de todo o alumnado, se porá especial atención a finalidade preventiva, adaptando a práctica educativa ás características persoais do noso grupo e alumnado, así como aos seus intereses e necesidades, e a consideración da diversidade como un valor, defendendo así un modelo inclusivo que potencie a metodoloxía baseada na diversidade, igualdade de oportunidades e colaboración e tamén na cultura tecnolóxica e innovadora, aproveitando as posibilidades das TIC para o alumnado (apps para estimulación da linguaxe, razonamento, atención, etc)

Adequaremos sempre a estrutura organizativa do centro e a xestión da aula ás características do noso alumnado NEAE, e levaremos a cabo medidas como:

- Organizar a aula de forma accesible, adequaremos tempos e rutinas en base ás súas necesidades fisiolóxicas, afectivas, curriculares e de movemento.
- Adecar a programación didáctica. Realizarase unha interpretación flexible do currículo axustada ao grupo clase e ao alumnado con NEAE.
- Utilizar metodoloxía colaborativa e cooperativa, seguindo as liñas marcadas no P.E. do centro, seguindo os principios do DUA e propoñendo diferentes medios de acceder á información, de expresarse e de motivar ao alumnado.
- Adaptar os tempos, instrumentos e procedementos de avaliación, usando os que mellor se adapten ás características deste alumnado.
- Aproveitar as posibilidades das TIC para todo tipo de alumnado, utilizando diferentes apps para estimulación da linguaxe, o razonamento e a atención.
- Buscar de maneira continua interactuar co alumnado NEAE, estimulando a súa iniciativa e promovendo o interese por aprender.
- Transmitir a información de maneira clara, concisa e con frases/explicacións cortas.
- Secuenciar as tarefas, incluso con referencias visuais como pictogramas.
- Traballar con axudas directas e demostracións (traballo de modelado e imitación).
- Deseñar propostas didácticas seguindo o modelo TEACCH
- Primar o esforzo e non o resultado, intentando sempre aumentar a autoestima, cun enfoque emocional nas actividades, tanto como medida preventiva da discriminación como medio para a valoración das diferencias.
- Ofrecer propostas onde o alumnado poida participar en base ás súas capacidades.
- Ofrecer sempre situacións de éxito, para ir aumentando a dificultade progresivamente.
- Intervir educativamente sempre dende un enfoque multidisciplinar: (titoría, DO, familia ou titores legais, servizos

sanitarios, sociais, etc).

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5
ET.1 - Desenvolvemento afectivo e xestión emocional.	X			X	
ET.2 - Hábitos de control corporal.			X		
ET.3 - Pautas elementais de convivencia e relación social.	X				
ET.4 - Coidado da contorna e dos seres vivos.				X	
ET.5 - Educación para o consumo responsable.			X	X	
ET.6 - Educación igualitaria e libre de estereotipos.	X		X	X	

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita de persoa experta.	En algunhas unidades invitaremos a algunha persoa experta para axudarnos a afondar no tema que estamos a tratar.			
Contacontos	En algunhas unidades organizaremos un contacontos adaptado á temática que estamos a tratar.			
Saída de campo.	En algunhas unidades realizaremos unha saída para afondar no traballo na aula.			
Saída de fin de curso	Actividade lúdica para descubrir a contorna e para conmemorar o final de curso.			
Conmemoracións e festas	A comunidade educativa poderá planificar e participar en distintas celebracións ao longo do curso.			

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Deseño das actividades adecuadas ao alumnado
Elementos curriculares presentes nas actividades.

Instrumentos de avaliación eficaces e adecuados.
Contémplanse todas as NEAE no deseño das actividades.
Utilízase diversidade de materiais para acceder á información, para expresarse e para fomentar a motivación.
Promóvese o desenvolvemento de diferentes capacidades e habilidades.
Temporalización de actividades adecuada.
Empréganse diversos recursos didácticos.
Existe coordinación co equipo docente.
Promóvese a participación das familias.
A avaliación do alumnado utilízase para modificar o proceso de ensinanza aprendizaxe.
Tivéronse en conta os intereses do alumnado no deseño de actividades e propostas.
Individualización do proceso ás características de cada alumna/o.

Descrición:

Todos os indicadores de logro teranse en conta para recoller información sobre o proceso posibilitando modificacións e melloras.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Haberá un seguimento a través da aplicación Proens dende a coordinación de ciclo en infantil ao rematar cada trimestre.

9. Outros apartados